

**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE CATRO PRAZAS DE CONDUTOR/A BOMBEIRO/A EN QUENDA LIBRE, INCLUIDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2017, 2018 E 2019 (BOE nº 247. 16.09.2020).****ACTA Nº 1: SESIÓN CONSTITUTIVA (20.01.2021)**

En Vigo, ás 13:00 horas do día 20 de xaneiro do 2020, reúnese na Sala de Prensa sita no noveno andar da Casa do Concello o órgano de selección do proceso selectivo para a provisión de catro prazas de condutor/a bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019 cuxas bases reitoras e convocatoria foron publicada no BOPPO nº 128 do 07.07.2020.

O órgano de selección queda constituído coa asistencia dos/as seguintes membros:

Presidente Titular: Manuel Monroy Castro, Enxeñeiro Técnico da Área de Seguridade no Concello de Vigo.

Secretaria Titular: María Dolores Hernández Vidal, Xefa do Servizo de Fiscalización da Intervención Xeral do Concello de Vigo.

Primeiro Vocal: Rafael Moledo Alonso, Suboficial de Bombeiros do Concello de Vigo.

Segundo Vocal: Manuel Rodríguez Gómez, Condutor Bombeiro do Concello de Vigo.

Terceiro Vocal: Joaquín Fuentes Domínguez, Cabo de Bombeiros do Concello de Vigo.

En cumprimento do disposto na Base VIII, lémbrese aos/ás presentes o deber de abstención dos membros do órgano de selección, en canto concorran algunhas das causas previstas legalmente (artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público - LRXSP). Por outra banda, non consta que se teña formulado recusación contra ningún deles por parte dos/as aspirantes (Base VIII e artigo 24 LRXSP).

Incorpórase á sesión M^a Isabel Cabeza Pereiro, Técnica de Prevención de Riscos Laborais do SPRL do Concello de Vigo. A súa intervención ten por obxecto explicar o "*Plan de actuación en caso de emerxencia*" do Pavillón municipal de Navia, sito na rúa Lamelas nº 5, no que terá lugar o primeiro exercicio o día 28 de xaneiro ás 16.30 horas, así como as medidas de protección establecidas no documento "*Medidas de protección fronte ao contaxio de COVID-19 en procesos selectivos no Concello de Vigo – Bombeiro/a Condutor/a*" elaborado polas técnicas do SPRL e asinado por elas o 20.11.2020. A funcionaria comparecente explica brevemente o contido destes documentos e resposta ás dúbidas e aclaracións que lle son sometidas á súa consideración. A continuación, retírase da sesión.

Polos membros do órgano de selección acórdase fixar en 15 o número máximo de sesións, a non ser que por causa xustificada proceda a súa ampliación mediante novo acordo, consonte co disposto na Base VIII das reitoras do proceso.

Acórdase tamén que a orde de puntuación dos exercicios será a seguinte: Vogal 1^a, Vogal 2^a, Vogal 3^a e Presidente.





Decídese solicitar a Área de RR.HH. e Formación un dispositivo de apoio ó órgano de selección para o desenvolvemento do primeiro exercicio e das probas físicas, composto por:

1) Persoal técnico e administrativo con experiencia suficiente para realizar tarefas auxiliares de colaboración na recepción, identificación e distribución espacial dos/as aspirantes presentados/as, o reparto e a recollida dos exames, a vixilancia da proba, etc.; á marxe das persoas da Área de RR.HH. encargadas de confeccionar materialmente o exame.

Á vista do elevado número de solicitudes de participación admitidas, as características particulares do lugar de celebración e tendo en conta experiencias previas semellantes, estímase axeitado dispor dun número non inferior a doce (12) persoas.

2) Persoal de reprografía na Casa do Concello cos medios técnicos axeitados e preparados para imprimir na mañá do xoves 28.01.2021, no momento en que se lle requira e no menor tempo posible, todas as copias do exercicio que se precisen e con capacidade para solventar calquera problema/avaría que se poida producir.

3) Persoal de Admón. electrónica con experiencia na realización de exames tipo test (instrucións para cubrilo, resolución de dúbidas, posterior corrección dos exercicios, etc.).

4) Persoal do Servizo de PRL para desenvolver as funcións propias do seu cargo (Plan de Autoprotección...) e, a maiores, tarefas auxiliares de colaboración xeral co Tribunal.

5) Persoal do Servizo de Deportes, con capacidade técnica para prestar o apoio preciso no desenvolvemento das probas físicas.

6) Dotación da Policía Local, procurando que o perfil dos seus integrantes faga compatibles as súas funcións ordinarias de mantemento da orde coa colaboración que lles poida requirir o tribunal, estimamos un número non inferior a catro (4) .

7) Vehículo e condutor municipal para trasladar conxuntamente a todos/as os/as membros do órgano de selección e ó persoal administrativo que participe directamente na elaboración do exercicio a fin de garantir a cadea de custodia do exame.

8) Persoal de primeiros auxilios.

Requírese a presenza do funcionario da Área de RR.HH. e Formación, Ezequiel Fernández Carpintero para tratar a organización e desenvolvemento das probas, tendo en conta o elevado número de persoas admitidas a participar neste proceso selectivo, e se acordou que para facilitar o exame da documentación da fase de valoración de méritos desde a Área de RR.HH. e Formación se facilitara a este tribunal os documentos impresos das solicitudes dos opositores que aportan méritos. Así mesmo, a petición dos membros do Tribunal acordouse que durante a realización do exame tipo test os opositores deberán apagar e introducir nunha bolsa de plástico, que permanecerá ao seu carón, todo dispositivo electrónico que posúan (teléfono, tabletas, reloxos, cascos, et...), polo que acordouse que este material deberá ser proporcionado pola citada Área.

En cumprimento da Base Décima o Tribunal acorda reunirse o próximo luns, día 25 de xaneiro as 9.00 horas, para a valoración dos méritos alegados polos aspirantes, con carácter previo á fase de oposición.





Para a elaboración do test inmediatamente antes da realización da proba, os membros do Órgano de Selección acordan reunirse o día 28 de xaneiro de 2021 ás 08.00 horas na Sala de Prensa sita no noveno andar da Casa do Concello, achegando cada un os libros e manuais que estimen adecuados.

Acórdase, por último, publicar na sede electrónica municipal un anuncio previo con información de carácter xeral (prohibición de utilizar dispositivos electrónicos durante a proba e introdución nunha bolsa de plástico, lugar de chamamento, accesos e distribución dos/as aspirantes polas portas do Pavillón, normas anti COVID-19) así como o plano da instalación con indicación das catro (4) portas de acceso, segundo o apelido correspondente.

E sen máis asuntos que tratar, ás 15.30 horas, dáse por rematada a sesión constitutiva do órgano de selección.

O Presidente

A secretaria

Manuel Monroy Castro.

María Dolores Hernández Vidal.



CONCELLO DE VIGO

Foto a elaboración do seu texto. A continuación se detallan os datos de identificación do documento e do expediente. Este documento é unha copia electrónica do documento original e non pode utilizarse como soporte de pago de ningún tipo de tributo. Para obter máis información sobre os servizos de atención ao cidadán, pode consultar a páxina web do Concello de Vigo.

En caso de dúbida sobre a validez deste documento, pode contactar co Servizo de Atención ao Cidadán do Concello de Vigo.

[Faint signatures and stamps are visible in this section]



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2021 14:23	Páxina 4 de 4
Expediente 36708/220	CSV: 2FE589-8256D9-E9B1E4-XUS55W-PKDA1S-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		